



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E O CLUB TENIS DE MESA DE SAN CIPRIAN.

Cervo a 20 de agosto de 2018

De unha parte, José M. Estéfano Berruezo con DNI 11.367.537 V, en calidade de presidente do Club Tenis de Mesa San Ciprián.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde do concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei reguladora de bases de réxime local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o concello de Cervo, en exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases de réxime local, está interesado en promover e colaborar cos gastos para o correcto funcionamento do clube durante o ano 2018.

SEGUNDO: Que o Club de Tenis de Mesa San Ciprián como entidade deportiva, solicitou do concello unha axuda económica para sufragar os gastos para o correcto funcionamento do clube.

En base ó anteriormente exposto, o concello de Cervo e o Club Tenis de Mesa San - Ciprián asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración económica entre o concello de Cervo e o Club Tenis de Mesa San Ciprián para o correcto funcionamento do clube durante o ano 2018.

Segunda.- O concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 1.000 € con cargo á partida 340.4890005 a el Club Tenis de Mesa San Ciprián.

Terceira.- O club Tenis de Mesa San Ciprián, comprométese a xustificar os gastos subvencionados mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas

Cuarta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



O alcalde

Alfonso Villares Bermúdez

O presidente do Club Tenis de Mesa San Ciprián

José M. Estéfano Berruezo